

## EDUCACIÓN INFANTIL

Ola familias! O equipo de educación infantil elaborou unha serie de suxerencias que podeis levar a cabo cos nenos e nenas nestes días de estancia prolongada na casa. Esperamos sexan do voso agrado e poidades pasar un bo rato en familia á vez que se reforzan algúns dos contidos que estamos a traballar na escola.

As actividades suxeridas abarcan todos os niveis, polo que podeis elixilas e adaptalas ao voso criterio e en función da idade do neno e nena.

### **INFORMACIÓN PARA NENOS E NENAS SOBRE O CORONAVIRUS**

- Cuento “Rosa contra el virus”:

[https://www.copmadrid.org/web/img\\_db/publicaciones/rosa-contra-el-virus-cuento-para-explicar-a-los-ninos-y-ninas-el-coronavirus-y-otros-posibles-virus-5e6b7f9370fb1.pdf](https://www.copmadrid.org/web/img_db/publicaciones/rosa-contra-el-virus-cuento-para-explicar-a-los-ninos-y-ninas-el-coronavirus-y-otros-posibles-virus-5e6b7f9370fb1.pdf)

### **LECTO-ESCRITURA:**

- Fomentemos a escritura, escribindo títulos de contos, nomes da familia, nome dos amigos e amigas da clase.
- Facer letras con plastilina, pasta de modelar, ou con calquera outro tipo de material que se vos ocorra.
- Cando fagan debuxos que escriban o debuxado ou algunha palabra do mesmo.
- Aproveitade para ler contos e facer preguntas de comprensión sobre eles.
- Xogos orais: palabras encadeadas, palabras que empezan por unha determinada letra, nomes de animais, plantas,..., dicir por que letra empeza ou remata unha palabra,....
- Xogar ás adiviñas, ao “Vexo-vexo”, a descubrir un obxecto describindo as súas características....
- Conversar sobre os intereses dos nenos e nenas, fomentando a argumentación, pensamento crítico,... e as normas de diálogo.

### **LÓXICA-MATEMÁTICA:**

- Calquera cousa que se pode contar, pódese contar: culleradas de sopa, pratos que precisamos na mesa,...
- Realización de puzzles, construcións,...
- Identificación e escritura de números coñecidos, relacionándoos con cantidades. Ordenar números, tanto en serie numérica crecente como decrecente.
- Xogos de mesa: baralla, oca, parchís, dominó, bingo,.. (aproveitar estes momentos para aprender a perder, respectar turnos...)
- Xogos con dados: sumas, xogar ao número maior, a completar unha cuadrícula ou cartón de ovos (segundo a tirada dun ou dous dados ver quen o completa primeiro),....
- Os máis maiores poden xogar a facer sumas e restas, e resolver axudándose de

pinzas, tapas, palillos, pinturas ..., para atopar o resultado.

- Sempre que escriban algo, tanto letras coma números, atender á direccionalidade correcta das mesmas.

### **ATENCIÓN E MEMORIA:**

- Atopar as diferenzas entre dous debuxos. Se poden atopar en periódicos ou páxinas de internet (só con poñer “buscar diferencias infantil” saen variedade de páxinas con debuxos ou láminas).
- Xogade a buscar nas ilustracións dos contos as imaxes que lles indiquedes.
- Xogar con algún “memory” onde temos que ir buscando as parellas das cartas. Nas redes podedes atopar algunha páxina gratuíta poñendo, por exemplo, “memory infantil on line”, se non as tedes fisicamente.
- Facede xogos de amosar varios obxectos, que os miren un rato e logo tapades e que digan os que recordan. Ou mirando algunha ilustración, ou un cadro....

### **MOTRICIDADE FINA:**

- Xogos con pompóns:
  - Agarralos, pellizcalos ou traspasalos dun recipiente a outro, cos propios dedos e tamén con pinzas de depilar.
  - Ademais pódense engadir retos como a identificación e clasificación de cores, tamaño, conteo, facer series, colocar os pompóns igual que un patrón dado.
  - Facer letras ou debuxos con eles.
  - Cunha oveira e dados as posibilidades se multiplican (ver lóxica-matemática).

A falta de pompóns de cores pódense utilizar boliñas de papel de aluminio, garavanzos, fabas.....

- Actividades da vida cotiá como enroscar e desenroscar o tapón dunha botella, abotoado-desabotoado de botóns, abrir e pechar cremalleiras,..
- Xogar a trasvasar a auga dun recipiente cheo a outro baleiro coa única axuda dunha esponxa. Este sinxelo xogo de exprimir a esponxa estará fortalecendo as mans e antebrazos.
- Rasgado de papel cos dedos, e recortado con tesoiras.
- Xogar a meter dunha en unha lentillas ou garavanzos dentro dunha botella. Dúas botellas, un dado e determinadas tiradas indicadas a priori .... e a ver quen ten máis na súa botella.

- Cando os nenos e nenas debuxen ou escriban algo fixédevos se o fan collendo o lapis ou rotuladores de xeito correcto. O lapis tense que coller facendo como unha pinza cos dedos pulgar e índice, e apoiándoo no dedo corazón.

### **CREATIVIDADE:**

- Rasgado, recortado e pegado de fotografías e letras de revistas, xornais,... facendo collage.
- Traballo con folletos de supermercado: clasificación de alimentos, colocación de prezos, nomes,...
- Realización de debuxos con pinturas ou pincel, estampacións con diferentes materiais, manualidades de reciclaxe (con rolos de papel por exemplo facer animais, monstros, persoas,...) composicións artísticas con pegado de diferentes materiais: lentellas, fabas, arroz, pasta, fariña,...
- Elaboración de instrumentos musicais ou xoguetes.
- escoitar cancións e plasmar plasticamente o que nos transmiten.
- Aproveitar para facer algún experimento caseiro (hai moitas ideas en internet).

### **VIDA DIARIA:**

- Seguir reforzando hábitos de autonomía en xeral e nas actividades básicas do día a día: no baño (espírse e vestirse só), poñer e quitar calzado, o abrigo, a mochila, sonar os mocos, etc.
- Axudar nas tarefas da casa: poñer a mesa, facer a cama, dobrar a roupa,...
- Recoller os xoguetes unha vez rematado o xogo.
- Facer unha receita, colaborando na súa elaboración.

Debido á circunstancia que todos estamos a vivir e dado que pasaredes moito tempo na casa cos vosos fillos e fillas, gustaríanos invitarvos a que aproveitedes sobre todo para facer cousas xuntos, xogar moito, facer algunha das actividades suxeridas ou similares, calquera cousa que se vos ocorra e que fomente a súa imaxinación. Tamén é importante que eles mesmos aprendan a buscar os seus propios momentos de entretemento. Todo o que fagades en familia será un rato agradable para eles. Intentade evitar todo o que poidades o uso das novas tecnoloxías a estas idades tan temperás nas que, recordamos, non se recomenda o seu uso.

Un saúdo a todos e esperemos vernos o antes posible.